

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de xullo de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. Javier Pardo Espiñeira.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González.  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(845).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(846).- AUTORIZACIÓN PARA NOVACIÓN DE HIPOTECA CONCESIÓN SERVIZO PÚBLICO CONSTRUCCIÓN EXPLOTACIÓN PISCINAS CUBERTAS EN BARREIRO E FLORIDA. EXPTE. 14157/333.**

Visto o informe de fiscalización do 17.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 15.07.15, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*–Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).*

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei Hipotecaria, Texto Refundido aprobado por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para adjudicar mediante concurso público a concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO e na praza central do polígono i do PERI II-12 A FLORIDA B (PCAP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, que aproba o Código Civil (CC).

## ANTECEDENTES

D. Jorge Moreno Barra, en nome e representación da empresa AQA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de maio de 2015, solicita autorización do órgano de contratación para novar a hipoteca que grava o dereito real de concesión outorgado a súa representada para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO e na praza central do polígono i do PERI II-12 A FLORIDA B, constituída coa entidade "CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA"- CAIXANOVA en data 27 de xuño de 2008.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En data 23 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acordou adjudicar a o concurso para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da Praza central do Polígono I do PERI II-12- A. Florida B e parcela no PERI 4 Barreiro II, a empresa UTE Gaia G.D., S.L. - Movex Vial, S.L, por un prazo de 45 anos.

Segundo.- En data 23 de xuño de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou autorizar á AQA Vigo Xestion Deportiva,S.A., a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada.

Terceiro.- En data 27 de xuño de 2008 AQA Vigo Xestion Deportiva,S.A., constituíu coa entidade

*“CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA”- CAIXANOVA un préstamo hipotecario por importe de 11.000.000 € e un prazo de amortización de 21 anos.*

*Cuarto.- A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional. Ostenta respecto ás mesmas os dereitos e obrigacións do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da concesión (artigo 97 LPAP).*

*A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):*

- 1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.*
- 3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.*

*Nesta liña, o PCAP consigna o dereito do concesionario de hipotecar a concesión administrativa outorgada (cláusula 23.5). O único requisito esixido é a previa autorización municipal e se establece a limitación de que a cancelación da hipoteca se realice cinco anos antes da finalización do prazo concesional. Asemade, o concesionario deberá inscribir no Rexistro da propiedade a hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión (artigos 60 e 61 RH).*

*Quinto.- O concesionario solicita autorización para a novación da hipoteca relacionada no fundamento xurídico terceiro do presente informe.*

*A novación dunha hipoteca consiste na modificación dalgún dos seus elementos: os subxectos (acreedor ou deudor hipotecario) ou algunha das condicións nas que foi outorgada, tales como o capital, o prazo ou o tipo de interese (artigo 1203 CC). No primeiro caso se denomina novación subxectiva e no segundo novación obxectiva. O caso que nos ocupa é unha novación obxectiva na que se modificará o prazo. Ampliando o prazo da hipoteca se reduce o importe dos pagos de amortización periódicos que debe satisfacer.*

*Para poder autorizar a novación é preciso que concorran os mesmos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a constitución da hipoteca citados no fundamento xurídico anterior.*

*Tendo en conta as seguintes circunstancias concurrentes:*

- Que a hipoteca que se nova foi constituída para facer fronte os gastos derivados da construción das piscinas obxecto desta concesión, tal e como esixe o artigo 98 da LPAP.*
- Que o prazo da hipoteca se amplía en 5 anos, finalizando en 2034. Dado que a presente concesión finaliza en data 1 de xuño de 2052, se cumpre a condición de que o prazo da hipoteca remate cinco anos antes da finalización do prazo concesional.*

*A xuízo da informante, se cumpren os requisitos esixidos para poder autorizar a novación da hipoteca.*

*Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Autorizar á a novación da hipoteca constituída a favor de “CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA”- CAIXANOVA, en data 27 de xuño de 2008, por AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A., sobre a concesión administrativa de de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 BARREIRO e na praza central do polígono i do PERI II-12 A FLORIDA B, condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:*

- 1. O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Inscribir no Rexistro da propiedade a novación da hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión.*
- 3. A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional.*

*2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de novación da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(847).- CONTRATACIÓN SERVIZOS PARA ACTUACIÓN JULIETA VENEGAS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6136/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.07.15, e o informe de fiscalización do 20.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 16.07.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

## **INFORME**

*De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réximen Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.*

*Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 1 de xullo de 2015 relativo á resolución da presentación de propostas para actuacións artísticas no Auditorio de Castrelos para o programa "Vigo en Festas 2015", resolveuse a contratación do espectáculo da artista internacional JULIETA VENEGAS a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos no mes de agosto. A proposta suscríbese a empresa ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L. CIF:B- 27786045. A empresa propón un prezo de contratación de 30.000 € máis rider técnico máis iva.*

*Con data 1 de xullo, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación da artista internacional por un importe de 30.000 € máis rider técnico máis iva, e solíciatle a confirmación da data o día 7 de agosto para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2015.*

*Dende o servizo de festas solicítouse á empresa ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L. CIF:B- 27786045, o documento que acredite que ostenta a exclusividade para a realización do concerto, e as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo. Solicítouse, ademais, o detalle dos importes relativos ao rider técnico.*

*A empresa ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L CIF:B- 27786045 presenta o documento que D. Xavier Navaes con DNI 00812347 X administrador solidario de Doctor Zhivago, S.L. con CIF B84838937 ostenta os dereitos de representación da artista Julieta Venegas e autoriza en exclusiva a ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L para a contratación da artista no Auditorio de Castrelos en Vigo o día 7 de agosto de 2015.*

*Asímesmo e tras diversas conversas técnicas cos responsables da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos internacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.*

ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L presenta un presuposto por un importe de 30.000 € en concepto de contratación artística (caché), máis 9.500 € en concepto de equipos de luces e son, máis 8.295 en concepto de iva que fai un total de 47.795 €.

O custo da actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio ao Aire libre de Castrelos por un importe total de 47.795 € co iva incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.

O CONCELLO porá á venda 4.500 entradas a uns prezos de 6 euros (venta anticipada) e 8 € (en taquilla) e será o único beneficiario da recadación; tamén realizará 500 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA. O aforo da platea do recinto é de 5.000 persoas.

O CONCELLO porá á venda 4.500 entradas ao prezo único de 6 euros (en venda anticipada e en taquilla) e será o único beneficiario da total recadación; tamén realizará 500 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA. O aforo da platea do recinto é de 5.000 persoas de pé.

Con data 7 de xullo, a xefa do Servizo de Festas emite informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Asimesmo con data 7 de xullo, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente administrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2015 ás 23,00 horas.

A continuación, redactáronse a memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato e o prego de prescricións técnicas particulares, que se achega no expediente. Estes documentos están asinados os días 6 e 7 de xullo de 2015 respectivamente, pola xefa do Servizo de Festas e conformados pola Concelleira delegada da Área de Festas e Turismo.

Posteriormente, achegouse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante redacción do prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación con data 15 de xullo de 2015.

Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xullo de 2015.

En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

#### PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos (expte:6136/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 7 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xullo de 2015.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 47.795 € co iva incluído (coarenta e sete mil setecentos noventa e cinco) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa *ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L* CIF:B- 27786045, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista internacional *JULIETA VENEGAS* no Auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2015 ás 23,00 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.

Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(848).- CONTRATACIÓN SERVIZOS PARA ACTUACIÓN LOS ENEMIGOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6137/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.07.15, e o informe de fiscalización do 20.07.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 16.07.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

*Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*

*Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

#### *INFORME*

*De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réximen Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.*

*Como consecuencia da resolución do decreto da Concelleira de Festas e Turismo de data 1 de xullo de 2015 relativo á resolución da presentación de propostas para actuacións artísticas no*

*Auditorio de Castrelos para o programa "Vigo en Festas 2015", resolveuse a contratación do grupo de rock nacional LOS ENEMIGOS a celebrar no Auditorio ao aire libre de Castrelos no mes de agosto. A proposta suscríbese a empresa SWEET NOCTURNA, S.L. B-36998524, que propón un prezo de contratación de 35.000 € máis rider técnico máis ive.*

*Con data 1 de xullo, a Concelleira delegada da área de Festas e Turismo comunícalle mediante escrito que se achega ao expediente, o interese do Concello de Vigo na contratación do grupo nacional por un importe de 35.000 € máis rider técnico máis ive, e solicítalle a confirmación da data o día 1 de agosto para a realización do concerto no auditorio de Castrelos dentro do programa Vigo en Festas 2015.*

*Posteriormente dende o servizo de festas solicítouse á empresa SWEET NOCTURNA, S.L CIF: B-36998524, o documento que acredite que ostenta a exclusividade para a realización do concerto, e as condicións técnicas que conleva o desenvolvemento do espectáculo. Solicítouse, ademáis, o detalle dos importes relativos ao rider técnico (luces, son e catering).*

*A empresa SWEET NOCTURNA, S.L presenta o documento polo que Carlos Mariño con DNI 33267356-H, xerente da axencia SPANISH BOMBS, S.L. CIF- B-82605361 que ostenta os dereitos de representación do grupo LOS ENEMIGOS autoriza en exclusiva a SWEET NOCTURNA, S.L para a realización do concerto en Vigo entre o 1 e o 15 de agosto de 2015.*

*Asímesmo e tras diversas conversas técnicas cos responsables da empresa, considérase que as condicións técnicas (rider do artista) son asumibles polo Concello de Vigo, e que seguen as pautas de contratos nacionais realizados dende este servizo con anterioridade con motivo das festas do verán.*

*Con data 3 de xullo de 2015 SWEET NOCTURNA, S.L., presenta un presuposto por importe de 35.000 € correspondente a contratación artística máis 8.500 € de equipos de luces e son máis 13.103,30 de ive que fai un total de 56.603,30 €. A empresa informa ao servizo de Festas que o cache da actuación de LOS ENEMIGOS inclue a actuación dun grupo local como artista convidado.*

*O custo da actuación artística do grupo nacional LOS ENEMIGOS (cachet do artistas máis o artista convidado, equipos de luces e son e ive) no Auditorio ao Aire libre de Castrelos que ascende a un importe total de 56.603,30 € co ive incluído, podería imputarse á aplicación 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento vixente. Enténdese que o prezo se atopa dentro dos parámetros do mercado ao ser o importe establecido pola empresa que posúe os seus dereitos.*

*O CONCELLO porá á venda 4.500 entradas ao prezo único de 6 euros (en venda anticipada e en taquilla) e será o único beneficiario da total recadación; tamén realizará 500 invitacións das que entregará 50 á AXENCIA. O aforo da platea do recinto é de 5.000 persoas de pé.*

*Con data 7 de xullo, a xefa do Servizo de Festas emite informe xustificativo da necesidade e idoneidade da antedita contratación. Asímesmo con data 7 de xullo, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que por parte desta Xefatura se iniciase o expediente admi-*



*nistrativo necesario para a contratación de prestación de servizos para actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos o día 1 de agosto de 2015 ás 22,30 horas.*

*A continuación, redactáronse a memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato e o prego de prescricións técnicas particulares, que se achega no expediente. Estes documentos están asinados os días 6 e 7 de xullo de 2015 respectivamente, pola xefa do Servizo de Festas e conformados pola Concelleira delegada da Área de Festas e Turismo*

*Posteriormente, achegouse o expediente ao servizo de Contratación para seguir coa tramitación mediante redacción do prego de cláusulas administrativas particulares por parte da xefa do Servizo de Contratación con data 15 de xullo de 2015.*

*Consta finalmente no expediente, informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 16 de xullo de 2015 que fai constar dúas observacións para reconsideración por parte do Servizo de Contratación e do Servizo de Festas. Ambas as dúas observacións son incorporadas ao prego de prescricións administrativas particulares por parte da Xefa de Contratación con data 19 de xuño de 2014, en concreto nas cláusulas 29ª e 10ª.*

*En consecuencia propónse á Xunta de Goberno Local, en cumprimento do art. 110 Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, previo informe de fiscalización de Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

#### PROPOSTA

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos (expte:6137/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 7 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xullo de 2015.*

*Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 56.603,30 € co iva incluído (cincoenta e seis mil seiscientos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente.*

*Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa "SWEET NOCTURNA, S.L" CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista LOS ENEMIGOS o día 1 de agosto de 2015 en Vigo, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.*

*Cuarto.- Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(849).- PROPOSTA REPRESENTANTES CONCELLO NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade co exposto esta Alcaldía, tralas consultas cos distintos Voceiros dos Grupos Políticos Municipais, sometese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:*

*Primeiro.- Distribuír os quince Concelleiros/as que deban representar ao Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do seguinte xeito:*

*Presidente e 8 Vocais–concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal Socialista:*

*Presidente: D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde).*

<i>Vocal 1</i>	<i>D. Javier Pardo Espiñeira</i>
<i>Vocal 2</i>	<i>D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez</i>
<i>Vocal 3</i>	<i>D. Jaime Aneiros Pereira</i>
<i>Vocal 4</i>	<i>D. Carlos López Font</i>
<i>Vocal 5</i>	<i>D<sup>a</sup> Ángeles Marra Domínguez</i>
<i>Vocal 6</i>	<i>D. Angel Rivas González</i>
<i>Vocal 7</i>	<i>D. Santos Héctor Rodríguez Díaz</i>
<i>Vocal 8</i>	<i>D. David Regades Fernández</i>

*4 Vocais–concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal do Partido Popular.*

<i>Vocal 1</i>	<i>D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz</i>
<i>Vocal 2</i>	<i>D. Diego Gago Bugarín</i>
<i>Vocal 3</i>	<i>D. José Manuel Figueroa Vila</i>
<i>Vocal 4</i>	<i>D. Miguel Fidalgo Iglesias.</i>

*2 Vocais–concelleiros/as- a proposta do Grupo Municipal Marea de Vigo.*

<i>Vocal 1</i>	<i>D. Rubén Pérez Correa</i>
<i>Vocal 2</i>	<i>D<sup>a</sup> Margarida López Barreiro</i>

Segundo.- Comunicar este acordo á Mancomunidade Area Intermunicipal de Vigo, ao Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(850).- PROPOSTA REPRESENTANTES EN FUNDACIÓNS D EN DIVERSOS ORGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Instituto Feiral de Vigo” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez.

Segundo.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado e a través do Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez que ostentará a Vicepresidencia; ostentando, a súa vez, a representación do Concello no Comité Executivo.

Terceiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Provigo”, actuará na mesma, tal e como se indica no artigo 10 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, así mesmo, de conformidade co previsto no parágrafo cuarto do artigo 11 dos Estatutos, o substituto do Alcalde será o concelleiro da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.

Cuarto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Laxeiro”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo o artigo 8 dos seus Estatutos. Os restan-

tes tres membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Román Pereiro Alonso.

Quinto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Fundación Liste”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia segundo se determina no artigo 15.3 dos Estatutos. Os restantes dous membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 13.1.a) dos devanditos Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, e D. Rafael Vallejo Pousada.

Sexto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da “Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o concelleiro-delegado de Fomento, D. David Regades Fernández.

Sétimo.- Comunicar á Secretaria Xeral do ente EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR que en sesión constitutiva de data 13 de xuño de 2015 foi elixido Alcalde da Cidade de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez, correspondéndolle estatutariamente a representación do Concello de Vigo nos órganos de goberno de dito ente.

Oitavo.- Designar á Concelleira Delegada da Área de Educación, D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Noveno.- Designar como interlocutores do Concello de Vigo na REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en condición de representante política e a D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en condición de representante técnico.

Décimo.- Comunicar á Secretaría Xeral da AUTORIDADE PORTUARIA que o Concello de Vigo estará representado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo polo seu Alcalde e representante legal, D. Abel Caballero Álvarez.

Décimo primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Décimo segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado do PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA pola súa Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey.

Décimo terceiro.- O Concello de Vigo estará representado no MUSEO DO MAR polo concelleiro-delegada da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Décimo cuarto.- Comunicar o presente acordo aos concelleiros, Fundacións, Padroados, organismos e entidades públicas afectados para o seu coñecemento e efectos.

Décimo quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(851).- PROPOSTA REPRESENTANTES NO CONSORCIO ZONA FRANCA E FUNDACIÓN MARCO.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde e representante legal D. Abel Caballero Álvarez e polos concelleiros D. David Regades Fernández, D. Javier Pardo Espiñeira, D. Angel Rivas González, D. Cayetano Rodríguez Escudero, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Socialista e D. Miguel Fidalgo Iglesias, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Partido Popular.

Segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu alcalde como presidente do Padroado e polos concelleiros/as: D. Cayetano Rodríguez Escudero, D. David Regades Fernández, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Socialista e D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Partido Popular.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos organismos, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

O CONCELLEIRO-SECRETARIO  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero.